

ÁNXELA LEMA PARÍS E SARA VILLAR AIRA. *Ex-céntricas*.

Nigrán: Fetiche Edicións e Producións, 2022, 87 pp.

LARA ROZADOS LORENZO*
lararozados@gmail.com

Algo está a moverse na poesía galega escrita por mulleres nas últimas décadas do século XX e primeiras do XXI, que remove e soborda todo o establecido polo canon. Agroman así, expandíndose en progresión xeométrica, coma as patacas (se cadra era máis pertinente un símil máis floral e máis delicado, mais rescatemos o empregado polas poetas que nos ocupan) novas formas, novos temas, novas perspectivas e novos xeitos de producir que rachan co que Helena González chamou acertadamente “o xustillo do canon”. Hai toda unha xInealoxía a atravesar ese período intersticial, liminar, entre os séculos, e que reivindica precisamente aquilo que é fronteirizo, o non-situado como posición estratéxica. O ex-céntrico. E é nestes vimbios dos 90 do pasado século aos nosos días (Lupe Gómez, Olga Novo, María do Cebreiro, María Lado, Xiana Arias, Andrea Nunes, María Rosendo, e a lista pode seguir, no tempo e no espazo) onde se sostén, ou mellor dito, abanéase e baila (muiñeira, xota, *indie* ou o que lle boten), *ex-céntricas*, de Ánxela Lema París e Sara Villar Aira.

E faino con toda a performatividade que carrega o acto poético en tanto, precisamente, *poiese*, ou *ποίησις* (en grego, “acción, creación”, do verbo *ποιέω*, que significa precisamente “facer”). En primeiro lugar, é unha aposta “ex-

céntrica” polo modo de produción: escribir a catro mans, de forma horizontal e non xerárquica, ata non saberen xa as propias autoras cales son os poemas propios e cales os da outra, como teñen afirmado en presentacións, implica unha concepción de autoría que racha diametralmente coa (moi patriarcal) convención dO autOr como deus supremo, creador, demiúrgo. Escribir en diálogo, cooperativamente, está ben máis preto da filosofía de *fanzines* feministas coma *Pelos & Cousas* ou *Cona*, por citar dous exemplos das primeiras décadas do XXI que reuniron o traballo dunha boa nómina de poetas galegas na órbita de Compostela, ou das performances anónimas na rúa, en que un grupo de mulleres en colectividade pon o corpo e a forza colectiva na area pública.

Houbera xa un precedente en *Diáspora de amor balea*, de Andrea Nunes e María Rosendo, Premio Illas Sisargas de poesía erótica, no 2017, editado no 2018. De feito, a propia Andrea Nunes prologa *ex-céntricas*, e realmente hai moito eco daquela *Diáspora* nestoutro libro. A propia autora conecta o amor *foulía* de Lema e Villar co amor-balea que erixiran ela mesma e Rosendo naqueloutro poemario: as amantes escriben como aman, de forma libre, mesmo na distancia, física (a de *Diáspora*) ou imposta, como é o caso do confinamento no que naceu *ex-céntricas*, e que é referenciado “á inversa”,

* Profesora de Lingua e Literatura Galega no ensino secundario. Doutora en Teoría da Literatura pola Universidade de Santiago de Compostela, Santiago de Compostela – Galicia. ORCID: 0009-0008-6871-6650.

ou dándolle a volta. “só me quero dentro / confinada en ti” (p. 42), ou “*que se faga pandemia / o pracer que senten os nosos corpos / debaixo das sabas*” (p. 50). Que a casa non é un espazo físico, senón algo que se crea colectivamente, xa fóra anticipado pola María do Cebreiro de *Non son de aquí* (2009). E así, coma baleas en movemento, na diáspora, na distancia, desterritorializadas e fóra-do-centro, Lema e Villar constrúen o espazo performativamente, coa propia escrita, “reinventan as cidades” (Nunes, 2022: 5), ou, como enunciaba Ana Romaní (2013) non queren un sitio: constrúen outro lugar. Articúlanse “país libre” e aprenden que a casa vai no corpo, e non ao revés. Sitúanse nun territorio sen mapa. No que é fronteirizo e no que racha coas fronteiras á vez.

Nunes conecta tamén o “*amour fou*lía” Lema-Villar co amor-balea no xeito de se desenvolver, non só no escenario: ese amor que non se restrinxe a un único lugar, que soborda o territorio, tampouco se limita a unha única posibilidade, unha única e inamovible (hetero)norma monógama. Aquí cómpre acudir de novo a González (2005: 96), sinalando a “resistencia á definición monolóxica das identidades e xénero que os converte [as persoas LGTB] en *s/extrangers*”. Porque precisamente nesa “estranxeiría” consciente, nesa posición nas marxes abertamente voluntaria e mesmo militante, diríamos, quere pórse (e pórnos) ex-céntricas.

En definitiva, o amor *okúpase*, o corpo colectivo é o que constrúe casa, e así como rachan coas fronteiras da autoría e do territorio, “fóra do centro” como se sitúan, nesoutro lugar que edifican, as autoras reinventan a linguaxe, e mesmo crean ou elaboran elas mesmas a “corpografía” e as cartografías. Ás veces cómpre queimar os mapas do aprendido ou do naturalizado para poder trazar novos camiños, ou navegar sen agardar chegar ao porto, sabendo que o destino está na viaxe. Poderíamos aquí citar o poema “Viaxe a

Ítaca” de Konstantin Kavafis, pero temos na literatura galega á Xohana Torres de *Tempo de ría* (1992): “Existe a maxia e pode ser de todos / ¿A que tanto novelo e tanta historia? / EU TAMÉN NAVEGAR”.

E así transitan, nesta viaxe polas marxes e fóra do centro, a través de metáforas líquidas e vexetais, unha delas que convoca a Brigitte Vasallo, “sachando o campo de patacas” (p. 31). Novamente coma no amor-balea, a relación quérese rizoma, un vínculo que non estea edificado na dependencia e na exclusividade. “Enraizar” non significa aquí inmovilizarse, senón “espírse de medo” (p. 31), conectar con calquera outro punto do rizoma, de atendermos a Deleuze e Guattari (1986:18). O concepto de rizoma está marcado por varios principios: o de conexión e de heteroxeneidade (calquera punto pode conectar con calquera outro); o de multiplicidade (non existe unidade, senón variedade); o de ruptura significativa (os cortes no discurso non son interrupcións, senón que se recomeza o mesmo e á vez, algo totalmente novo); e o de cartografía: un rizoma non responde a un modelo estrutural ou xenerativo, senón que configura un mapa aberto “conectable en todas as súas dimensións, desmontable, alterable, susceptible de realizar constantemente modificacións”. Nesa liña, os paratextos teñen unha especial significación tamén: dedícanlle o libro “a todos e cada un dos amores das nosas vidas”. Amósanse deste xeito agradecidas e xenerosas coa vida e coas súas bagaxes, co seu pasado e cos amores que as construíron a si mesmas e a súa relación. As poetas van trazando tamén en *ex-céntricas* unha viaxe de dentro cara a fóra: se nos tres primeiros apartados do poemario se atopa a calor da intimidade, o interior da casa e da cama, o mirarse unha á outra (e mesmo espellarse para descubrirse: “en ti descubrinme outra”, p. 33), e unha intención consciente de queimar os mapas, nos dous últimos atopamos o salto ao torreiro da festa, ao

baile, á colectividade, e á revolución da linguaxe: deséxanse “xerundias”, poéticas, en perpetuo *in facendo* ou constante *work in progress*, fóra de toda categorización, “terminoilóxicas”. Desenvolvamos esta idea de viaxe do dentro (que non o centro) cara ao fóra (que non a intemperie), da man das propias poetas...

E para iso temos que acudir de novo ao símil do campo de patacas, nesa escrita rizomática, que se multiplica e interconecta coas outras, e aparécenos tamén convocada a Andrea Nunes Brións de *Todas as mulleres que fun* (Corsárias, 2011). Constátase un crecemento en espiral (“creces en min ata na distancia”, p. 55), mentres esa voz lírica é máis introspectiva. Existe apóstrofe continuo, e algunha primeira persoa do plural que imaxinamos circunscrita ás amantes. No poemario amósansenos corpos abertos, pero que á vez quérense “confinada en ti” (p. 42). Así e todo, vai agromando a apelación á colectividade, segundo o poemario vai avanzando, a través de dúas liñas fundamentais:

- O baile colectivo, a *foulía* ou foliada como catarse liberadora. O poemario ten banda sonora, moito máis alá das citas de varias artistas da escena musical que o salferen, ou da *play-list* á que se pode acceder a través do código QR da última páxina. De feito, elas mesmas acompañan os recitais de presentación con músicas diversas, e con afirmacións coma a seguinte: “Este lugar non é só noso. Neste lugar somos e estamos moitas. A excentricidade podemos vivila e habitala grazas a esas moitas que coma nós, cren e confían nesoutro lugar”. Cabe sinalar que a primeira presentación do poemario foi radicalmente excéntrica, fóra da órbita compostelá e dos circuitos literarios convencionais: no Chiringo de Cedeira, vila mariñeira (moi) ao Norte de Galicia, o que tamén é unha declaración de intencións. Brincaban naquela presentación, a comezos de setembro, con esta “excentricidade”, así como tamén co

feito de xogaren con “mimosas no verán” (facendo referencia a versos do propio libro e á coidada capa deseñada por Jorge Rodríguez Durán con ilustración de Lara Rebón Gelpi).

- A reinvencción da linguaxe. O xogo constante coa polisemia: “sábeme e seime salvaxe”, e neste caso tamén coa sinestesia do sabor, propio ou da outra, e do coñecemento... Ou tamén “elixir”, novamente concitando o sentido do gusto (o libro é abondoso en sinestesias, como o era *Diáspora do amor balea*, cunha sensorialidade que se erixe tamén en forma de saber, de coñecemento), e “elixir” como verbo para as escollas conscientes. Re-correrse (unha e outra vez) coa reiteración para o pracer que achega o prefixo mentres brincan coa linguaxe xudicial. Afírmense xerundias, poéticas, con toda a forza performativa (ou perlocutiva) que ten a poesía. *In facendo*, en aspecto imperfectivo, en perpetua construción.

E é nesa imperfección e no procesual onde se sosteñen: “terra firme só não vale, porto seguro é não ter medo”, citan a Benjamim e Barbany Keen. As metáforas de navegación acompañan tamén as acuáticas (que salferen e humedecen os poemas), e atopamos acaída aquí, por lle pór o broche de ouro á xInealoxía, a reescrita daquel totémico verso xa citado do poema “Penélope” de Xohana Torres que facía María Rosendo en *Nómade* (2011: 15): “nosoutras / sempre / navegar”. Así tamén, estas autoras maniféstanse neste seu primeiro poemario en continua navegación, en continuo tránsito, sempre nómades. Sempre excéntricas.

*Santiago de Compostela, 11 de marzo do
2023.*

REFERENCIAS

Deleuze, G. & Guattari, F. (1986). *Mil mesetas. Capitalismo y esquizofrenia*. Valencia: Pre-textos, [1988].

González Fernández, H. (2005). *Elas e o paraugas totalizador*. Vigo: Xerais.

Nunes Brións, A. (2022). “Limiar” en Lema París & Villar Airas (autoras). *Ex-céntricas*. Nigrán: Fetiche.

Romani, A. (2011). “Isto non é un limiar” en *Sem as mulheres nom há revolução*. Salvaterra de Minho: Sociedade Cultural e Desportiva do Condado.

Rosendo Priego, M. (2011). *Nómade*. A Coruña: Espiral Maior.